

MANIFESTO DAS UNIVERSIDADES EN FAVOR DAS LINGUAS COOFICIAIS

As universidades asinantes manifestamos o noso apoio á petición formulada polo Goberno de España ante o Consello da Unión Europea para o recoñecemento do catalán, o éuscaro e o galego como linguas oficiais da Unión Europea. Estes tres idiomas son cooficiais co castelán en varias comunidades autónomas, representando o 40 % da poboación do Estado español e cada unha das tres teñen máis falantes activos que algunhas das linguas recoñecidas como oficiais da UE. As universidades asinantes levan a cabo as súas actividades académicas e científicas e a súa xestión diaria nas linguas cooficiais propias das súas respectivas comunidades autónomas, ademais da súa outra lingua cooficial, o castelán, e outras linguas oficiais da UE, especialmente o inglés.

Como universidades nas que o castelán e as nosas respectivas linguas específicas son cooficiais, consideramos que o non recoñecemento da oficialidade das nosas linguas propias por parte do Consello da UE supón un trato discriminatorio e un menoscabo dos nosos dereitos comunicativos e de liberdade académica e de creación científica.

Agradecemos o esforzo que está realizando o Goberno de España ante o Consello da UE para obter ese recoñecemento, comezando pola inclusión do catalán, o éuscaro e o galego no artigo 1 do Regulamento 1 do Consello. Pedimos a todos os representantes políticos do Estado español que apoiem a iniciativa do Goberno e non a obstaculicen, impedindo ese recoñecemento.

***Universidades asinantes:**

Xarxa Vives (Països Catalans)

- Universitat Abat Oliba CEU
- Universitat d'Alacant
- Universitat d'Andorra
- Universitat Autònoma de Barcelona (UAB)
- Universitat de Barcelona
- Universitat Cardenal Herrera (CEU)
- Universitat de Girona
- Universitat de les Illes Balears
- Universitat Internacional de Catalunya (UIC Barcelona)
- Universitat Jaume I (UJI)
- Universitat de Lleida
- Universitas Miguel Hernández (UMH)
- Universitat Oberta de Catalunya (UOC)
- Universitat de Perpinyà Via Domícia



Universitat Politècnica de Catalunya (UPC)
Universitat Politècnica de València (UPV)
Universitat Pompeu Fabra (UPF)
Universitat Ramon Llull
Universitat Rovira i Virgili
l'Università di Sassari (UNISS)
Universitat de València
Universitat de Vic - Universitat Central de Catalunya (UVic-UCC)

Galicia

Universidade de Santiago de Compostela (USC)

Navarra

Universidad Pública de Navarra (UPNA)

CAV

Euskal Herriko Unibertsitatea / Universidad del País Vasco (EHU)
Universidad de Deusto
Mondragon Unibertsitatea
Universidad EUNEIZ